

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 26 DE XANEIRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCIONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e seis de xaneiro de dous mil vinte e catro reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da

Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as trece horas trinta deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 24 de xaneiro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### **2.- SOLICITUDE DE AXUDA AO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO (IET) PARA ACTUACIÓNS DE CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS**

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes da Resolución do 11 de decembro de 2023 do Instituto de Estudos do Territorio pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2024 (DOG núm. 10, do 15/01/24). O Sr. alcalde en funcións

considera convinte para o interese público solicitar ditas axudas para realizar unha actuación sobre unha edificación sen rematar existente na praza da Fonte do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar ao Instituto de Estudos do Territorio (IET) unha axuda por importe de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €) para a actuación de corrección do impacto paisaxístico denominada “*Acondicionamento de edificación na praza da Fonte de Rodeiro*”.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na resolución da convocatoria.

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria técnica, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Quinto.- Aprobar o anteproxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz, en data 23/01/24, cun orzamento total por importe de TRINTA MIL TRESCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (30.337,39 €), IVE incluído.

Sexto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde en funcións para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

### ***3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE (PROGRAMA DO PLAN CORRESPONSABLES NO ÁMBITO LOCAL)***

O Sr. alcalde en funcións informa á Xunta de Goberno Local da Resolución do 29 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade,

pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 5, do 08/01/24), e a conveniencia de solicitar a axuda para o desenvolvemento do programa denominado “*Concilia Rodeiro 2024*”, que ten como obxectivo potenciar a conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais das unidades familiares con menores ao seu cargo, en idade de escolarización obrigatoria, durante as tardes do período lectivo (do día 2 de outubro de 2023 ao día 30 de setembro do corrente, ambos incluídos), así como en horario de mañá nos períodos non lectivos de Nadal, Entroido, Semana Santa e verán.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Secretaría Xeral da Igualdade unha subvención por importe de CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €) para o desenvolvemento do programa “*Concilia Rodeiro 2024*”, ao abeiro do Plan Corresponsables no ámbito local.

Segundo.- Aprobar a memoria descritiva do programa para o que se solicita subvención, redactada polos servizos municipais, cun importe total, correspondente a custos directos de persoal, por importe de CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €).

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Quinto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Sexto.- Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do

expediente á educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez.

Sétimo.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

#### ***4.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE AGOLADA, RODEIRO E ANTAS DE ULLA PARA A XESTIÓN E PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL***

O Sr. alcalde en funcións informa aos membros da Xunta de Goberno Local da conveniencia de aprobar un novo convenio de colaboración entre os concellos de Agolada, Rodeiro e Antas de Ulla para a xestión e prestación do servizo de orientación durante o ano 2024, servizo que se vén prestando dende o ano 2011, coa finalidade permitir que os veciños dos concellos asinantes e demais persoas derivadas dende o Servizo Público de Emprego de referencia, poidan seguir a acceder ao dito servizo con todas as súas finalidades e beneficios. No noso Concello o servizo préstase na modalidade de atención presencial por parte do/a técnico/a de orientación laboral designado/a nun día por semana.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación ao Convenio de colaboración entre os concellos de Agolada, Rodeiro e Antas de Ulla para a xestión e prestación do Servizo de Orientación Laboral, co contigo íntegro que se sinala no Anexo ao presente acordo.

Segundo.- Aceptar expresa e integramente as cláusulas do Convenio e comprometerse ao cumprimento das obrigas que o Concello debe asumir en virtude do acordado.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación que ostenta, asine o Convenio de colaboración e cantos outros

documentos resulten necesarios para a efectividade do presente acordo.

#### ANEXO

Convenio de colaboración para a xestión e prestación do Servizo de Orientación Laboral

"Concello de Agolada" - "Concello de Rodeiro" - "Concello de Antas de Ulla"

#### REUNIDOS

Dunha parte, *Don Luís Calvo Miguélez*, provisto do Documento Nacional de Identidade número [REDACTED], en nome e representación e en calidade de *Alcalde do Concello de Agolada, (Pontevedra), CIF P3602000F*.

Doutra banda, *Don José Luís Camiñas Vázquez*, provisto do Documento Nacional de Identidade número [REDACTED], en nome e representación, e na súa calidade de *Alcalde do Concello de Rodeiro, (Pontevedra), CIF P3604700I*.

Doutra parte, *Dona Pilar García Porto*, provista do Documento Nacional de Identidade número [REDACTED], en nome e representación, e na súa calidade de *Alcaldesa do Concello de Antas de Ulla, (Lugo), CIF P2700300C*.

As partes citadas recoñécense mútua e recíprocamente capacidade e lexitimación suficientes para suscribir este convenio de colaboración, asegurando cada parte que os poderes en base aos que respectivamente actúan non teñen sido revocados nen limitados, e que son bastantes para obrigar as súas representadas en virtude de este acto, e nesa representación,

#### EXPOÑEN

I.- Que os Concellos de Agolada, Rodeiro e Antas de Ulla son entidades da administración local con identidade propia que prestan servizos aos veciños das súas respectivas áreas xeográficas en todas as competencias que lles son exisibles.

II.- Que todas as partes amosan un elevado interese polo desenvolvemento das áreas xeográficas e sociais que lles son propias a título individual, e que entre as preocupacións a destacar neste momento e dentro deste parágrafo se atopa a xestión de recursos na procura da redución do desemprego, a mellora da empregabilidade e o asesoramento e a orientación a persoas en situación de desemprego.

III.- Que nos derradeiros anos, todas as partes teñen levado a cabo actuacións encamiñadas a procurar a redución do desemprego nas súas zonas xeográficas de xeito separado e a título individual, tales coma obradoiros de emprego, actividades formativas, xestión de programas de emprego, plans de emprego etc...

IV.- Que na actualidade e dende fai tempo se detectan necesidades comúns na área de orientación a desempregado/as en todos e cada un dos Concellos asinantes deste convenio de colaboración, así como se detectan posibilidades de actuación conxunta encamiñadas a solventar ditas necesidades.

E decisión dos asinantes deste convenio, a de continuar a nosa colaboración como partes solicitantes á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en base á *ORDE do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2024 (código de procedemento TR331A)*, e pola que se da continuidade ao programa común de actuacións que para tal fin, foi iniciado polas entidades locais de Agolada, Rodeiro e Dozón asinantes do primeiro acordo, en base a Orde do 30 de decembro de 2011.

Á dita colaboración uniuse posteriormente o Concello de Antas de Ulla no mes de agosto de 2.014 e causou posterior baixa na mesma o Concello de Dozón, dende o 31 de xaneiro de 2.015 segundo comunicación efectuada ao respecto na data do 1 de outubro de 2.014.

## ESTIPULACIONS

Primeira.- Obxecto do Convenio de Colaboración.

O presente convenio ten por obxecto regular os termos para dar continuidade á colaboración entre os Concellos de Agolada, Concello de Rodeiro e Concello de Antas de Ulla, colaboración que ten por finalidade permitir que os veciños dos concellos asinantes e demais persoas derivadas dende o Servizo público de Emprego de referencia, poidan seguir a acceder ao servizo de orientación laboral, con todas as súas finalidades e beneficios, e dar continuidade á tramitación de solicitudes de cofinanciación a través das convocatorias de axudas recorrentes establecidas polas diferentes administracións, principalmente dende a Xunta de Galicia a través das convocatorias da actual Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, así como ás entidades Administrativas que as sucedan no tempo, tanto no referido aos seus contidos coma as súas competencias. Tamén alcanza este convenio a tramitación de aquelas outras axudas, se as houbera, de calesquera outras entidades e que resultaren compatibles para o bo fin do servizo proposto.

## CLAÚSULAS

Primeira.- Definición Xeral do Servizo.

O programa de Orientación Laboral, é unha iniciativa da Xunta de Galicia, que consideramos de gran interese para as nosas administracións, pola súa finalidade, que tende a tratar de paliar parte dos males que na zona se derivan do desemprego existente, propio da situación económica xeral e dos problemas propios do rural do interior de Galicia que afectan de xeito singular aos territorios representados neste convenio.

Procúrouse coa implementación deste servizo, dar unha atención personalizada aos desempregados inscritos coma demandantes de emprego nas oficinas de referencia do Servizo Público de Emprego de referencia, así como aos veciños dos municipios solicitantes que precisen dun servizo de orientación próximo e de calidade.

As accións diríxense principalmente a aqueles veciños que se atopan en situación recoñecida de desemprego, para os que mediante a implantación dun servizo de asesoramento e atención personalizado e individualizado se identifiquen as súas fortalezas e se corrigan as deficiencias curriculares se determinen para dotalos de mellores e maiores posibilidades de inserción laboral. Para elo se fará o establecemento dos perfís de cada demandante. Terán preferencia na atención do servizo de O. Laboral, aqueles usuarios remitidos polo Servizo Público de Emprego mediante cita concertada dende as oficinas de referencia, a través da elaboración da axenda de citacións, pero tamén, como ven sendo norma, se atenderá a aquelas persoas que se achegan ao servizo ben por iniciativa propia, ben derivados de outros servizos, organizacións e entidades coas que se colabora a diferentes niveis, tales coma os Servizos Sociais Municipais, Aedl's, Asociacións, outras entidades sociais e económicas etc...

A poboación total directa segundo as estatísticas de Traballo, susceptible de ser atendida de forma directa, acadada neste momento a unhas 201 persoas desempregadas, so nos concellos que integramos actualmente esta agrupación, sobre un total aproximado de 6.401 habitantes, sen ter en conta a concellos limítrofes que carecen dun servizo de orientación propio, e sen perxuízo da existencia de outros posibles obxetivos, tales como emprendedores, xestores de autoemprego, empresas locais etc...

Os desempregados en relación ao número de habitantes se atopan repartidos da seguinte maneira no segundo datos a xaneiro de 2023. (IGe), e poboación a 12/décembro/2023.

Concello de Agolada - 76 desempregados / 2.254 habitantes

Concello de Rodeiro – 63 desempregados / 2.260 habitantes

Concello de Antas de Ulla – 62 desempregados / 1.887 habitantes

Segunda.- Obrigas das partes.

1. *Polo presente Convenio de colaboración, a agrupación de concellos integrantes se obriga:*

I) *A continuar a apoiar o servizo intermunicipal de orientación laboral, como un elemento básico da loita contra o desemprego, e adicado principalmente a:*

-Elaboración dunha diagnose individualizada sobre o perfil dos demandantes, as necesidades e as expectativas das persoas desempregadas, realizando entrevistas persoalizadas, para poder atopar, manter ou mellorar un emprego ou ben acceder a un novo posto de traballo.

- Informar sobre o mercado de traballo e os incentivos e medios dispoñibles para o fomento da contratación nas empresas de calquera tipoloxía, e dar apoio a iniciativas emprendedoras. Orientación a desempregados, a emprendedores e comunicacións a empresarios, das accións dispoñibles para a mellora da empregabilidade.

- Diseñar, elaborar e realizar itinerarios individuais e persoalizados de emprego ás persoas desempregadas a través da información e orientación profesional para o emprego e autoemprego, para a mellora da súa cualificación profesional e da súa empregabilidade.

- Contactar directa, ou indirectamente a través de colaboradores coma os Aedl, as Asociacións empresariais etc..., coas empresas, principalmente da zona de referencia municipal, para a difusión de información sobre iniciativas establecidas para facilitar a inserción laboral, realizando deste mesmo xeito prospeccións sobre as necesidades das empresas e procurando o casamento entre as ofertas e demandas de emprego, que favorezan o achegamento e den solución ás necesidades detectadas nas citadas empresas mediante a posible incorporación de persoas candidatas que procuran orientación para o emprego.

- Informar e orientar sobre os procesos e procedementos de recoñecemento das competencias adquiridas pola experiencia laboral para as persoas demandantes de emprego e tamén mediante asesoramento na acreditación oficial da súa cualificación a través dos certificados de profesionalidade.

- Informar e asesorar ás persoas demandantes de emprego sobre as ofertas de accións de formación profesional para o emprego, con acreditación oficial a través do repertorio de certificados de profesionalidade cando estean vencelladas ao catálogo nacional de cualificacións, así como os títulos de formación profesional. Informar sobre outras posibilidades de formación para a mellora da súa empregabilidade, o reciclado profesional etc...

II) *Loitar por un asesoramento individualizado aos desempregados, principalmente dos concellos que integran esta asociación, e de xeito indiferente a pertenza a cada un deles sen discriminación de ningún tipo, e aberta á colaboración con outras entidades.*

III) *A proporcionar o apoio técnico necesario ao persoal contratado para que o servizo os/as demandantes funcione correctamente e sexa accesible.*

IV) *A promocionar, na medida que estimen oportuna, o presente servizo, empregando os medios legais que se consideren apropiados, (publicidade en prensa, materiais en puntos de información, feiras, información web etc.)*

2. Polo presente Convenio de colaboración, se establece e aproba que recaiga no Concello de Agolada a representación de todos e cada un dos integrantes actuais do citado convenio.

O Concello de Agolada, como tal representante e para dito fin, se obriga:

I) A tramitar en prazo, e en nome e representación dos concellos asinantes, con base no presente convenio, as correspondentes comunicación de continuidade do servizo que tácitamente se aproban ao remate de cada exercicio, así como a tramitación en prazo dos expedientes de solicitude de subvencións e calesquera outras axudas posibles para financiar o servizo de Orientación Laboral, e en concreto e *para dar seguimento e continuidade* ao servizo creado segundo os requisitos que foron establecidos na Orde de 30 de decembro de 2011, da Consellería de Traballo e Benestar, publicada no Doga nº 7 do mércores 11 de xaneiro de 2.012, polo que se iniciou a prestación do servizo mediante a colaboración entre os concellos asinantes no seu día e que foi destinado a sufragar os custos para a posta en marcha dun servizo de orientación laboral común, ao que se lle ven dando continuidade ininterrompidamente dende entón, sendo a entidade Concello de Agolada a encargada de tramitar a presente e as futuras convocatorias de subvencións ou axudas, que se adicarán a tal fin, (sufragar os custos de funcionamento do servizo de O. Laboral), e en concreto e para o ano 2.024 as da ORDE do 22 de decembro de 2023, así como as posteriores convocatorias para exercicios futuros.

II) A actuar coma interlocutor ante as entidades/organismos concedentes das axudas, para o bo fin de todos os trámites necesarios para dar continuidade ao servizo obxecto de subvención, (aportación de documentación, xestión dos pagos ao persoal contratado tanto de salarios coma de seguridade social e calesquera outros derivados da posta en marcha do servizo, tales como a tramitación das altas e baixas na seguridade social, das prórrogas ou, de ser o caso, tramitación das novas contratacións de persoal para o servizo, aportación de xustificantes, etc...

III) A comunicar aos organismos convocantes, calquera incidencia, ampliación ou modificación do presente convenio.

IV) Dotar e dispoñer para a implementación do servizo, dun local en cada un dos puntos de atención, que reuna as condicións establecidas nos artigos das ordes anuais de convocatoria de axudas, e en concreto para o 2023 cumprir o establecido nos artigos 2.2.a), así como 14.1.e) 14.2) e 15 da orde do 9 de xaneiro de 2023 e nos que se poida atender de xeito adecuado, aos demandantes do servizo, independentemente das súas capacidades motrices e sexan ou non desempregados. Os concellos de Rodeiro e Antas de Ulla ou aqueles de nova adhesión, dotarán, a súa vez, para o servizo, despachos nas súas dependencias municipais, axeitados aos requisitos indicados. Se establece un calendario de asistencia do técnico a cada un dos puntos de atención que pode ser variable, a fin de que por petición dos mesmos ou dos usuarios previa concertación de cita, desexen ou sexa necesario un desprazamento puntual, d@ técnico@ de O. Laboral para a atención in situ en cadanseu, a fin de facilitar e promocionar o acceso ao servizo prestado.

O despacho principal se atopará ubicado nas dependencias municipais do Concello de Agolada, que se compromete a continuar coa dotación financeira e das ferramentas e medios necesarios para o bo fin do servizo.

As direccións dos indicados despachos e as frecuencias de desprazamento do técnico a data actual atenden ao seguinte plan de traballo.

Concello de Agolada- Praza do Concello nº1

Edificio Consistorial- andar 1º CP 36520- Agolada (Pontevedra)

Despacho principal. Asistencia estipulada, días Luns, Martes e Xoves.

Concello de Rodeiro.- Praza da Fonte nº 2

Edificio Consistorial- Pranta Baixa- salón de plenos CP 36530-Rodeiro (Pontevedra)

Asistencia 1 día á semana. Preferentemente os Venres.

Concello de Antas de Ulla- Praza de España nº 2

Edificio Consistorial- Pranta Baixa- Oficina Xeral. CP 27570 – Antas de Ulla (Lugo)

Asistencia 1 día á semana. Preferentemente os Mércores.

Os días e frecuencias de asistencia serán prevalentes aínda que poderán variar por causas xustificadas, principalmente en atención as citas de orientación tanto de direccionamento ou axendadas, como as citas manuais.

Se lle recoñece ao técnico/a a autonomía e capacidade suficiente para a autoxestión da axenda de xeito que o servizo sexa executado dun xeito o máis áxil, funcional e próximo á cidadanía posible.

Entre outros, e tal e como se ven establecendo no artigo 2.2 da orde de convocatoria, estará alo menos constituído por un equipo informático completo, dotado de CPU e monitor con todos os periféricos necesarios, (impresoras, escaner, rato etc...) para o seu manexo, así como as aplicacións informáticas necesarias para a realización dos traballos, tales como suite ofimática, antivirus etc... e se atenderá as obrigas de Protección de Datos, segundo se recolle na Lei reguladora dos mesmos e segundo se establece de ser o caso, nas ordes convocantes.

Ditos equipos disporán de conexión exclusiva coa Rede Corporativa da Xunta de Galicia vía internet. O equipo disporá de protocolo TCP/IP. Para dita conexión do servizo, estarase ao disposto nos artigos da convocatoria, atendendo ao citado no artigo 2.2. apartados "b", "c", "d" e "e" (correo electrónico do servizo, conexión de rede, protocolo e equipamento, así como antivirus actualizado periódicamente etc...). Se atenderá neste apartado sempre ao establecido na orde de convocatoria de cada período, actualizando os mesmos na medida das necesidades detectadas.

Terceira.- Condicións económicas.

Para cubrir os custos financeiros deste servizo, o Concello de Agolada, como interlocutor capacitado, tramitará ante os organismos convocantes de axudas ás solicitudes de subvención máximas e actualizables segundo o establecido nas ordes de convocatoria.

As partes poderán cofinanciar por iniciativa propia parte dos custes, cando as axudas non cubran o 100% dos mesmos ou ben cando as partes así o consideren oportuno. Non se establecen para elo cupos nin porcentaxes de obrigado cumprimento, correspondendo tomar tal decisión a cada unha das partes para a determinación voluntaria das contías que de ser o caso estén dispostas a asumir e establecer como aportacións ao cofinanciamento deste servizo común.

O Concello de Agolada como órgano xestor da axuda e representante da agrupación de concellos para a prestación do servizo de O Laboral en calidade de contratador laboral do persoal do servizo, asumirá de xeito subsidiario a cobertura de pagos dos custes que excedan ás subvencións concedidas para a financiación do citado servizo ata a súa totalidade. En particular a cofinanciación necesaria para cubrir os custes de categoría e nivel administrativo, así como aqueles outros custes non subvencionables tales como os derivados da antigüidade no servizo do persoal, outros pluses non subvencionables, posibles custes por desprazamento e as posibles indemnizacións, as que a relación laboral existente puidera dar lugar.

Cuarta.- Extensión Numeraria.

A actuación obxecto deste convenio, establécese tal e como ven sendo ate o de agora, para a continuidade do servizo por un período inicial mínimo de doce meses. Prevalecerá a continuidade do persoal titular do servizo. En caso

de novas contratacións, en defecto da promoción de continuidade, ou por substitución temporal do persoal, se estará ao que determine a lexislación laboral así como a orde de convocatoria de axudas.

No actual convenio regulador se integran 3 concellos, Agolada, Rodeiro e Antas de Ulla. A financiación posterior a este período inicial quedará supeditado á dotación de novos fondos, ben propios aportados polas entidades conveniadas, ben en base a futuras convocatorias de subvencións por parte da Xunta de Galicia ou calesquera outras entidades con capacidade para dotalo de contido económico financeiro que lle den continuidade.

En agarda da resolución favorable correspondente e por defecto se determina a aprobación tácita polos membros deste convenio, da prórroga do Servizo, ate polo menos a recepción da correspondente resolución de axudas.

Quinta.- Vixencia da colaboración.

O obxecto deste convenio, se vencella as sinaturas do denominado no seu día Acordo de colaboración iniciado e asinado no 2.012, polos Concellos de Agolada, Rodeiro e Dozón, coa posterior incorporación do Concello de Antas de Ulla en agosto do ano 2.014, causando baixa o Concello de Dozón, mediante comunicado de outubro de 2.014, (con efectos dende o 31 de xaneiro de 2.015, fin do exercicio subvencionado no seu día).

A vixencia deste convenio se entenderá prorrogada mentres exista un número adecuado de integrantes, que permita cumprir os requisitos das diferentes ordes de convocatoria para así seguir a obter as axudas para o bo fin do mesmo.

Ao remate do período subvencionado, se entenderá que todas as partes admiten e consinten continuar co mantemento do servizo establecido, salvo denuncia previa por calquera delas para a súa resolución, en cuio caso se considerará suspendido o convenio regulador dende a data de remate do período subvencionado que estea en execución nese momento, para a/s parte/s denunciante/s e conllevará a resolución do convenio nas obrigas da entidade solicitante da baixa no mesmo, sen perxuízo de que os demais integrantes do convenio poidan seguir a prestar o servizo dándolle continuidade en vindeiros exercicios, nas mesmas condicións que se viñan declarando e recollidas neste convenio de colaboración.

O convenio suscrito atenderá en todo caso, e de xeito específico na súa vixencia, aos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público polo que se entende prorrogado ao remate de cada período, polo período seguinte, de non existir declaración expresa en contra, manifestada polos membros aderidos mediante escrito dirixido ao Concello de Agolada como xestor dos trámites, para a posterior comunicación aos demais membros.

Este convenio, rexe en todo caso, para o período que se refire na ORDE do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de personal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2024 (código de procedimient TR331A), en todo caso dende a data de inicio do novo período subvencionable no 01 02 2024 e durante todo o período establecido na citada ORDE do 22 de decembro de 2023.

A continuidade do convenio, a súa vixenza e a relación laboral do persoal, afectará ás contratacións que estean vixentes para a prestación de dito servizo, agardando as convocatorias de novas axudas ou subvencións para o cofinanciamento do servizo.

Sexta.- Coordinación entre os asinantes e representación ante terceiros.

Establécese a figura de órgano de coordinación entre ás distintas entidades asinantes do convenio e de enlace e representación entre éstas e as demais entidades, tales coma Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, Servizo Público de Emprego etc... na figura do Alcalde-Presidente do Concello de Agolada, ou persoa en quen éste delegue.

Septima.- Selección e contratación de novos técnicos de orientación.

En caso de precisarse unha nova contratación, os integrantes do convenio de colaboración nese momento, proporán previa á contratación, ó candidat@ para o posto, prevalecendo a prórroga do persoal en activo salvo renuncia deste ou finalización da relación laboral por causas xustificadas.

A vinculación laboral entre o persoal contratado e as entidades solicitantes atenderán á lexislación laboral vixente, tal e como se recolle na orde de convocatoria no artigo 13.3, entendendo como beneficiarios aos Concellos agrupados e solicitantes e, subsidiariamente como entidade xestora e responsable da tramitación do expediente, ao Concello de Agolada, quen asume a súa condición de entidade empregadora respecto ao persoal do servizo e orientación e manifesta o seu compromiso de cumprir a normativa laboral en materia de contratación e a súa aplicación ao presente convenio.

As partes integrantes deste convenio, se comprometen a intentar resolver de boa fe e de xeito amistoso calquera desacordo que poidera xurdir no desenvolvemento do convenio suscrito.

En proba de conformidade ao desglosado nos parágrafos anteriores, se asina o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

## ***5.- ACORDO SOBRE OS PREMIOS A REPARTIR NO CONCURSO DE CARROZAS E DISFRACES DO ENTROIDO 2024***

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e a proposta do Sra. concelleira-delegada de Cultura, acorda establecer os seguintes premios para o concurso de carrozas e disfraces do Entroido 2024, a celebrar o vindeiro día 11 de febreiro do corrente en Rodeiro:

### **A/ CARROZAS OU COMPARSAS**

- 1º premio: 500,00 €
- 2º premio: 400,00 €
- 3º premio: 300,00 €
- 4º premio: 200,00 €

### **B/ GRUPOS ADULTOS**

- 1º premio: 200,00 €
- 2º premio: 150,00 €
- 3º premio: 100,00 €

C/ GRUPOS INFANTÍS

- 1º premio: 200,00 €
- 2º premio: 150,00 €
- 3º premio: 100,00 €

D/ INDIVIDUAIS/PARELLA ADULTOS

- 1º premio: 100,00 €
- 2º premio: 75,00 €
- 3º premio: 50,00 €

E/ INDIVIDUAIS/PARELLA INFANTÍS

- 1º premio: 100,00 €
- 2º premio: 75,00 €
- 3º premio: 50,00 €

Asemade acordan por unanimidade conceder unha axuda económica para contribuír aos gastos de confección das carrozas ou comparsas, de ata un importe máximo de CENTO CINCUENTA EUROS (150,00 €), a favor de cada unha das carrozas ou comparsas participantes que, a xuízo do xurado, cumpran cuns mínimos estándares de calidade, agás as que resultaran premiadas.

Aos efectos do presente concurso establécense as seguintes definicións:

✓ Comparsa: Grupo mínimo de 8 compoñentes na categoría de infantil e 10 en adulto, disfrazados do mesmo tema, que realizan algún tipo de representación e que non levan consigo ningún vehículo de tamaño significativo.

✓ Carroza: Comparsa acompañada dun ou varios vehículos de tamaño significativo, construídos expresamente para o Entroido e cunha decoración especial acorde coa denominación do grupo.

## **6.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CONCILIA ENTROIDO 2024” DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO**

A Concellería-Delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital do Concello vai programar unha actividade denominada “*Concilia Entroido*”

2024”, que se desenvolverá entre os días 12 e 14 de febreiro de 2024. Dita actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade durante o período non lectivo de Entroido. O programa Concilia Rodeiro está validado pola Secretaría Xeral de Igualdade como unha medida municipal de conciliación a nivel autonómico.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A actividade desenvolverase entre os días 12 e 14 de febreiro de 2024, ambos inclusive.
- ✓ A actividade diríxese a nenos/as e rapaces/as empadroados/as no Concello de Rodeiro e con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive.
- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 09:00 h. a 14:00 h. nunha aula do CPI de Rodeiro.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do concello. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando as datas nas que acudirá. Os/as menores xa inscritos/as anteriormente no programa Concilia só terán que aportar a documentación complementaria que non conste no seu expediente.
- ✓ O prazo de solicitude de participación na actividade Concilia Entroido 2024 establécese entre os días 1 e 9 de febreiro de 2024 (ambos inclusive). Fóra dese prazo, de quedar prazas libres, poderanse inscribir ata completar as prazas existentes.
- ✓ Fíxase un máximo de 20 prazas por cada día de actividade.
- ✓ De existir máis solicitudes que prazas ofertadas terán prioridade en primeiro lugar as familias monoparentais, unidades familiares con vítimas de violencia de xénero e de outras formas de violencia contra a muller, unidades familiares con mulleres maiores de 45 anos, en situación de desemprego de longa duración ou unidades familiares nas que a nai soporte outras cargas familiares a maiores do coidado das crianzas. En segundo lugar terán prioridade as unidades familiares nas que ambos proxenitores traballen, ordenados de menor a maior renda e a continuación o resto de unidades familiares que presenten solicitude ordenados de menor a maior renda.
- ✓ O prezo da actividade establécese en base á Ordenanza en vigor de servizos e actividades educativas. Deberase presentar xustificante do pago da actividade antes do inicio da mesma como requisito para poder acudir ao programa.

## **7.- ALTA DE USUARIA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2023-2024**

VISTA a instancia presentada por Dona Fátima Fadyl, con NIE núm. [REDACTED], veciña do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE núm. 32, do 10/01/24), pola que solicita a alta da súa filla Ihssane Iqli Fadyl como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2023-2024, en xornada parcial de tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe favorable emitido, con data 26/01/24, pola directora do PAI Dona Raquel Blanco Valladares, no que acredita que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes na quenda solicitada, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda proceder á alta, como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2023-2024, da menor IHSSANE IQLI FADYL, en xornada parcial de tarde, con data de efectos do día 1 de febreiro do corrente.

## **8.- FACTURAS E PAGOS**

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

### IMPUTABLES AO EXERCICIO ORZAMENTARIO DE 2023 (Base 8ª Orzamento 2017, prorrogado para o exercicio de 2024)

- CURROLIÑO S.L. 193,60 €  
Por reparacións varias no Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 48/C.
- AGROCAMBA V. FARO S.L 70,00 €  
Por subministro de luvas para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/factura núm. 23FV 2341.
- FELIPE LÓPEZ CORRAL 3.720,75 €  
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 850.

- CANGADO S.L. 185,13 €  
Por subministro de diverso material para saneamento, s/factura núm. R1/000486.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.154,84 €  
Por subministro de combustible aos camiións de recollida do lixo no mes de decembro de 2023, s/factura núm. FA – 13911.
- MIGUEL CONDE VALES 3.207,71 €  
Por traballos de reparación das redes do campo de fútbol da Raña, s/factura núm. S-201800357.

#### IMPUTABLES AO EXERCICIO ORZAMENTARIO DE 2024

- MARÍA ISABEL CONDE MOURE 200,00 €  
Por subministro de flores para acto fúnebre, s/factura núm. A/18.
- DEZA PUBLICIDADE S.L. 587,82 €  
Por traballos de impresión de placas e carteis para investimentos municipais, s/factura núm. 240020 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,  
(*sinatura dixital*)